



Central Unitaria de Traballadores/as



1º DE MAIO, FOLGA XERAL XA!

No ano 2009 a lenda do 1º de maio era “camiñando cara a folga xeral”, agora o camiño xa ten que chegar ao seu fin. Se daquela era urxente unha convocatoria de Folga Xeral, hoxe é vital para defender os intereses da clase obreira galega. Non atopamos ningunha explicación racional que, defendendo á clase traballadora, xustifique esta parálise social.

Paro en taxas xamais alcanzadas (250.000 galegas e galegos sen traballo), Reforma Laboral a piques de se aprobar -reforma que traerá máis precariedade, máis discriminación, máis abaratamento da man de obra...), marco estatal de suba salarial asinado no 1%, xubilación aos 67 anos, aumento dos anos de cotización, privatización da sanidade e da educación, destrución medioambiental de Galicia para lucro do capital, destrución dos nosos sinais de identidade como a lingua e o sistema de vida...

A situación é desesperada e os sindicatos maioritarios non dan o paso necesario e obrigatorio. Eles saberán de quen son debedores, de quen son escravos. Dende a CUT facemos un chamamento urxente a todos os traballadores e traballadoras para que demanden e socialicen a FOLGA XERAL. A folga será a ferramenta que nos sirva de principio para mudar a correlación de forzas existente, e recuperar a dignidade de clase necesaria para voltear esta situación.

Este sistema non serve, o capitalismo non serve, é un sistema esgotado que vivirá na agonía mentres a clase obreira lle esteamos a dar osíxeno. Chegou a hora de tomar a iniciativa, este 1º de Maio servirá para dar o primeiro paso na consecución deste obxectivo prioritario.

A CUT DEMANDA NO DÍA DE TODOS OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS A FOLGA XERAL NACIONAL.

R/ Ronda de Outeiro 276 Entr nº 9 cp 15010 - A Coruña tlf/fax 981.254105
Horario de apertura martes e xoves de 19:00 a 20:00
www.coruna@cutgalicia.org